

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE MARZO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de marzo de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de técnico/a de educación infantil pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2025).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga para o ano 2026 da autorización de instalación de postos de restaurantes e postos de elaboración de comida no Arde Lucus. exp. ref. 2024-C013-000003 e 2025/C013/000001.

Tamén se acorda aprobar a delegación de competencias no tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude para a resolución de tódolos actos de trámite, resolutivos e de execución en relación cos procedementos de contratación, de convenios de colaboración e autorizacións de dominio público co gallo da celebración do Arde Lucus 2026.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto na contratación da organización e desenvolvemento do evento cultural 'Europa somos todos/as', co gallo da celebración do día de Europa (9 de maio de 2026) e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2026/C003/000005.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas na contratación de patrocinios publicitarios para as festas de Arde Lucus 2026 e a adxudicación por procedemento aberto. Exp. ref. 2026-C005-000001.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2801779238030445591.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-3-2026

Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do reparto de cartelería e programas nas instalacións do comercio local e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2026/C003/000004.

Prórroga dende o 1 de abril de 2026 ata o 31 de marzo de 2027 na contratación da prestación do servizo de centro de día Novo Antonio Gandoy de atención a persoas maiores. Exp ref: 2021/C003/000037.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio de colaboración interadministrativa entre a axencia galega de infraestruturas e o Concello de Lugo para a reurbanización da rúa Serra de Meira.

Así mesmo, acórdase a aprobación do convenio-marco de colaboración educativa entre o Concello de Lugo e o CIFP as Mercedes de Lugo para o desenvolvemento dun programa de formación en centros de traballo.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a licenza urbanística para construción de nave industrial para almacenamiento e zona administrativa/servicios para persoal na rúa Novoa Santos, Roberto, 18 parcela P5.4 Polígono Industrial as Gándaras (expte: 2025/Y001/000243).

Tamén se acorda a licenza urbanística para construír un edificio na Ronda de Fingoi, 140 (expte: 2024/Y001/000318).

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

5. CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o decreto 10459/2025 de data 7 de novembro de 2025 que anula a disposición e adxudicación á empresa recorrente do contrato menor 2025/c001/000767 relativo á instalación dun truss motorizado e electrificado para o Auditorio Municipal Gustavo Freire.

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición presentado contra o decreto 11062/2025 de data 25 de novembro de 2025, relativo á autorización, disposición, recoñecemento de gastos e indemnizacións por cancelación de actuacións no entroido 2025 e no San Froilán 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

6. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a subsanación erro material no acordo 16/23 da Xunta de Goberno, celebrada o 28 de xaneiro, no rexistro de persoas vendedoras no mercado tradicional do ano 2026.

Tamén se acorda cambios de posto no expediente de adxudicación de autorizacións para venda no mercado de Frigsa 2026. Fase II:

Fóra da orde do día

- Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. e o Concello de Lugo para o financiamento, execución e entrega da renovación do saneamento na rúa Fermín Rivera no T.M. de Lugo (Lugo). PDM Miño-Sil.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.